

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de maio de 2020**

Ás 17.00 horas do día 20 de maio de 2020, reúnese a comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial, a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace <https://call.lifesizecloud.com/3449977> remitido coa convocatoria), coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Interventor: D. José Mosquera Casero

Actúa de **secretario** da comisión, dando fe do acto, don Francisco Cacharro Gosende, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense. En particular, e dado o sistema de videoconferencia empregado para a realización da sesión, dáse fe da concorrencia en tempo real dos asistentes, aos que reconece a través da imaxe retransmitida e de que se encontran en territorio español, e da súa capacidade efectiva de participación nas deliberacións que se producen na reunión, así como da manifestación da súa vontade a través do voto.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de febreiro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 19 e febreiro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PROCEDIMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO E LABORAL TEMPORAL AO SERVIZO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

O **presidente da comisión** expón o contido da proposta.

D.ª Montserrat Lama Novoa, portavoz de Ciudadanos, lamenta que neste asunto non houbera acordo coa representación dos traballadores e anuncia que reserva o voto para o Pleno, para poder estudar esta modificación.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, maniféstase na mesma liña que a portavoz de Ciudadanos.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, anuncia o voto a favor do seu grupo.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, di que como xa advertiu na anterior comisión informativa este punto é moi importante e o seu grupo quere entender cal é o motivo para que se modifique o artigo 8 da ordenanza, que segundo o goberno provincial

reside na dificultade de atopar membros para a composición dos tribunais. A este respecto pregunta cal é o órgano competente para nomear ao tribunal, xa que o artigo 8 non o indica.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, responde que por lei é competencia do presidente ou do deputado en quen delegue.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, di que se é o presidente o que nomea ao tribunal, entón unha modificación deste calibre dá moito que pensar, xa que a composición do tribunal queda á elección do presidente. Ademais, chámalle a atención que non admitise ningunha das propostas formuladas polas organizacións sindicais no proceso de negociación colectiva previo. Por todo isto anuncia o voto en contra do seu grupo.

Non se producen máis intervencións, e co voto favorable do Grupo Popular (5) e de Democracia Ourensana (1), o voto en contra do Grupo Socialista (3) e a abstención do BNG (1) e de Ciudadanos (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

a) Modifícase o dito artigo 8, que quedaría redactado nos seguintes termos:

Artigo 8. Tribunais de selección.

1. O tribunal de selección estará formado por seis membros, integrándose por un presidente, catro vogais e un secretario que actuará con voz pero sen voto. Designaranse ademais un mínimo de dous suplentes por cada membro titular do tribunal.

Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo de calquera administración pública ou de universidades públicas. A súa composición será estritamente técnica e deberán posuír unha titulación académica que acredite coñecementos nas materias que integren o temario do proceso selectivo. Na súa composición respectarase o principio de paridade conforme ao previsto no artigo 59 da Lei do emprego público de Galicia.

O secretario do tribunal será designado pola Presidencia, entre funcionarios do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial.

2. *En todo caso, a participación nos tribunais terá carácter voluntario, polo que os empregados públicos interesados poderán manifestar a súa renuncia unha vez recibida a notificación da súa elección, entendéndose que aceptan se non comunican o contrario. En caso de renuncia, serán substituídos polo suplente elixido para tal fin.*

Os membros do tribunal estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas na lexislación de procedemento administrativo común. O incidente de recusación poderá formularse en calquera momento do procedemento anterior á data de realización das probas.

3. *Os tribunais de selección actuarán con plena autonomía no exercicio das súas funcións, non estando suxeitos a instrucións de ningún tipo por parte dos órganos da Deputación. A Deputación porá á súa disposición os medios materiais que precisen para a realización do seu cometido. En casos xustificados, os tribunais de selección poderán solicitar a contratación de asesores técnicos especializados para a realización e avaliación das probas selectivas.*

A data da sesión constitutiva do tribunal para o inicio das súas actuacións será establecida pola Presidencia da Deputación Provincial. A convocatoria do resto de sesións corresponderá á presidencia dos tribunais, por conduto da súa secretaría.

4. *O tribunal de selección non poderá constituírse sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sendo sempre necesaria a do presidente e do secretario. As súas decisións adoptaranse por maioría.*

5. *Co fin de que a participación dos empregados públicos nos tribunais de selección non supoña unha redución da súa dedicación aos seus postos de traballo nas administracións públicas, os tribunais realizarán as probas selectivas e as súas reunións de traballo preferentemente fóra da xornada laboral dos seus membros. Todos os membros do tribunal de selección terán dereito a recibir as correspondentes indemnizacións ou axudas de custo de conformidade coa lexislación vixente.*

6. *O establecido neste artigo non lles será de aplicación ás comisións de valoración dos concursos para a formación de listas previas, que se rexerán polo establecido nas*

correspondentes bases reguladoras, con respecto, en todo caso, ao establecido na lexislación vixente para os órganos de selección de persoal.

b) Modifícase a Disposición adicional segunda, que queda redactada nos seguintes termos:

Disposición adicional segunda

O disposto no artigo 8 da presente ordenanza seralles de plena aplicación aos tribunais de selección que se constitúan nos procesos selectivos de selección de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo.

c) Modifícase a Disposición transitoria primeira, que queda redactada nos seguintes termos:

Disposición transitoria primeira

As normas sobre tribunais de selección establecidas no artigo 8 e na Disposición Adicional 2ª desta ordenanza serán de aplicación aos procedementos selectivos iniciados con anterioridade á súa entrada en vigor cando, no momento da dita entrada en vigor, aínda non se tivese procedido á designación dos membros do tribunal.

2º) O presente acordo someterase a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación e no Boletín Oficial da Provincia., para a presentación de reclamacións e suxestións, que, no seu caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Unha vez aprobada definitivamente a modificación da ordenanza, procederase pola Presidencia á publicación do texto íntegro resultante da dita modificación no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR E DEMOCRACIA OURENSANA PARA A CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN “OURENSE FUTURO”

O presidente da comisión expón o contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, anuncia o seu voto a favor e fai fincapé na importancia de darlles voz na comisión aos distintos colectivos sociais afectados por esta conxuntura crítica.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, anuncia tamén o seu voto a favor e considera de enorme importancia abrir canles institucionais de diálogo cos axentes sociais para a resolución desta crise.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, anuncia o seu voto a favor e incide na necesidade de acomodar as decisións políticas á realidade social.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que coincide no interese que pode ter a creación dunha comisión deste tipo, pero lembra o dito que afirma que se se quere que algo non funcione o que hai que facer é nomear unha comisión e resalta que de nada serviría que se faga se non vai acompañada dun orzamento amplo e suficiente, xa que ante a magnitude da crise económica e sobre todo social vai ser necesario poñer en marcha diñeiro enriba da mesa. Anuncia a abstención do seu grupo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que a proposta se formula desde unha vontade positiva e sen ánimo de folclore e di que esta Deputación, nesta crise, estivo aí desde o primeiro momento, na medida en que os seus recursos o permitiron e que son conscientes de que haberá que poñer recursos para afrontar a crise, coa vista posta ademais no próximo exercicio, no que previsiblemente haberá unha importante redución de ingresos.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, di que a comisión é unha simple ferramenta, na que se busca elaborar unha folla de ruta institucional para a adopción de medidas fronte a crise.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, di que a comisión debe servir para algo e o seu grupo apoia a súa creación porque entende que é unha medida adoptada desde a boa fe. Engade que este ano vai ser complicado, pero seguramente o que vén o será aínda máis, e en todo caso se discutirá. Desde o punto de vista formal, sinala que Democracia Ourensana e Partido Popular presentaron varias mocións conxuntas e pide que se aclare esta cuestión para evitar que por esa vía se poida exceder o límite de mocións por grupo pactado.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, lembra que no seu día ela tivo que retirar unha moción ao presentar outra conxunta con outros grupos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que se terá en conta a observación efectuada polo Sr. Varela López, pero en todo caso o Partido Popular tería dereito a dúas mocións, que son as presentadas.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de Democracia Ourensana (1), do BNG (1) e de Ciudadanos (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Constituír a comisión “Ourense Futuro” como receptora das demandas e achegas que poidan formularse dende calquera colectivo social da nosa provincia, tendo en conta o seguinte marco mínimo de actuación:
 - 1º.- A comisión estará conformada por un representante de cada grupo político provincial (designando, nun prazo de cinco días dende a aprobación plenaria, un/unha titular e un/unha suplente) adoptando as súas decisións mediante o sistema de voto ponderado.
 - 2º.- A comisión “Ourense futuro” elaborará un calendario de comparecencias para coñecer de viva voz as proposicións dos convocados ás sesións correspondentes.
 - 3º.- A comisión establecerá asemade canles de comunicación para que poidan achegarse tamén por escrito as contribucións dos colectivos.
 - 4º.- As actividades da comisión desenvolverase durante este ano de 2020 e serán públicas todas as comparecencias e documentos de traballo.
 - 5º.- Os representantes dos grupos políticos actuarán como relatores para redactar un documento final que recolla o sentir dos comparecentes de xeito claro e directo, aprobándose no Pleno da Corporación Provincial, servindo de folia de ruta para a acción política no noso territorio.
 - 6º.- O documento aprobado, froito dos traballos da comisión Ourense Futuro, remitiránselles aos titulares dos poderes executivo e lexislativo a nivel autónomo e estatal.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 17.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.